

PEC - CEIP DE PONZOS – FERROL

1. INTRODUCCIÓN

Na elaboración deste Proxecto Educativo de Centro **(PEC)** trátase de establecer uns criterios e principios que permitan orientar o desenvolvemento de tódalas accións que se realicen no centro, para garantir a coherencia e a eficacia e favorecer a ensinanza de calidade, ao tempo que serven de referencia para lexitimar ou non as accións tanto individuais como colectivas de tódolos membros e estamentos da Comunidade Escolar.

Para iso valémonos dos recursos dos que dispoñemos nun centro, que son:

1.1 O propio PEC coas súas características

- Instrumento para a xestión do centro
- Marco referencial que recolla as pautas de desenvolvemento de todas as accións e relacións no centro.
- Proxección de futuro
- Punto de partida: a análise da nosa comunidade escolar, enquisa, acordos e actas.
- Identidade do centro.
- Ámbitos de actuación: Formulación de obxectivos xerais en cada ámbito:
 - Goberno
 - Administrativo
 - Recursos
 - Pedagógico
 - Servizos
- Avaliación



1.2 Procedementos e instrumentos de control:

1.2.1 Regulamentarios:

- Regulamento Orgánico do Centro - *neste caso de Infantil e Primaria* -(ROC)
- Regulamento de réxime interno (RRI)
- Plan Xeral Anual (PXA)
- Programacións didácticas (Concreción curricular)
- Plan de orientación escolar
- Proxecto lingüístico do Centro
- Proxecto Lector
- Proxecto Biblioteca Escolar
- Plan TIC's
- Plan de Integración (acollida do alumnado estranxeiro)
- Plan de Convivencia
- Plan de autoprotección escolar.

1.2.2 Representativos:

- Consello escolar
- Claustro mestres
- Equipo Directivo (ED)
- Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)
- Equipos docentes (ciclos)
- Equipo de normalización lingüística (ENL)
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACEE)
- Departamento de Orientación Escolar (DO)
- Observatorio de convivencia

Os datos que se aportan ao longo deste proxecto son datos obxectivos extraídos das enquisas, dos acordos co resto de estamentos da comunidade e das diferentes actas que se levantan en cada elemento de goberno ou participación, consello escolar, claustro, equipos...



2. DEFINICIÓN.

Podemos definir o noso proxecto como un acordo marco con proxección de futuro, elaborado a partires da análise da nosa Comunidade Escolar; que serve como instrumento para marcar as pautas na xestión do noso centro, actuando sobre tódolos procesos de intervención educativa a través da práctica docente e das relacións coa Comunidade, coa intención de melloralos para o que se enumeran as súas notas de identidade, se formulan os obxectivos que se pretenden e se expresan as estruturas de organización.

3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

3.1 Situación xeográfica

3.1.1 A cidade:

Ao Noroeste da Comunidade Autónoma de Galicia, na provincia de A Coruña.


3.1.2 O colexio.

O Colexio de Ponzos está situado na parte leste da cidade, no ensanche B, barrio coñecido como Ultramar. Preto do Concello de Narón e a poucos metros da ría de Ferrol na zona de Caranza.

O nome o toma da rúa adonde da a fachada, nome dunha ampla e solitaria praia da bisbarra de Covas situada ó norte do concello.

3.2 Características físicas:

O recinto sobre o que se asenta o Centro presenta unha forma irregular, circundado por edificios moi altos, que un valado na fronte principal con dúas portas totalidade metálicas unha peonil e outra de para vehículos, na parte posterior hai unha pista polideportiva cuberta e pechada á rúa Adolfo Ros cunha porta de acceso peonil.



O edificio consta de dúas partes diferenciadas unha de planta baixa e outra de tres plantas comunicados polo andar da planta baixa.

As aulas de Educación infantil, a zona administrativa, biblioteca, servizos e usos múltiples ubícanse na planta baixa, as especialidades de PT e Inglés e os ciclos 1º e 2º de EP están no primeiro andar e a especialidade de música, aulas de informática e audiovisuais e o 3º ciclo de EP no segundo andar a segunda nas que se ubican o resto das aulas.

A distribución das dependencias figuran nos planos que es engaden como Anexo I.

O recinto é irregular, componse de dous patios abertos de area, nun deles hai un parque infantil e unha pista cuberta en ámbolos tres desenvólvese o recreo agás os días de choiva no que o espazo queda reducido á pista cuberta.

4. COMPOSICIÓN XURÍDICA:

TITULARIDADE: Consellería de Educación e O U da Xunta de Galicia.

NIVEIS EDUCATIVOS: Educación Infantil (**EI**), Educación Primaria (**EP**),

NÚMERO DE UNIDADES: Segundo catálogo 3 unidades de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria. Con un grupo por nivel.

As variacións que podan xurdir en cada curso escolar recolleranse no PXA dese curso.

PROFESORADO: Segundo catálogo de postos escolares 14 mestres máis un orientador compartido co colexio de Esteiro e un mestre de relixión.

PROFESORADO PROVISIONAL: Dar continuidade Especialistas de AL como especialidade necesaria nun centro destas características e Inglés para o programa de Anticipación no idioma estranxeira. Especialidades provisionais que se renovan anualmente.

Ao longo da historia do Centro a matrícula supera ano tras ano o máximo de alumnado establecido regulamentariamente polo que é necesario incrementar provisionalmente algunha unidade, por exceso de alumnado, polo que nos informes de previsión de necesidades de profesorado serán solicitados tantos mestres como se estime necesario.

A variación ou o incremento deste profesorado, en función das características que concorren en cada curso escolar, reflectirase no Plan Xeral Anual.



PERSONAL NON DOCENTE: O persoal non docente do centro redúcese a un/unha conserxe que comparte a liña educativa que se reflicta neste PEC, ocupase da vixilancia e apertura e peche do Centro e algunhas funcións de mantemento; depende do Concello ben sexa contratada, ben sexa funcionario.

O persoal de limpeza que pertence a unha compañía privada contratada polo Concello.

5. AS FAMILIAS:

Case os dous terzos das familias están constituídas por matrimonio e dous ou tres fillos. As familias cun fillo único tamén forman un número importante preto do 40%. Son casos puntuais as familias con máis de tres fillos.

Castelán falantes na gran maioría (87%). A comunicación cos fillos é en castelán, reducíndose a comunicación en galego a unha oitava parte do noso alumnado. Obsérvase unha redución desta porcentaxe cando a comunicación é fóra da familia (70%).

Cara a achegarse a unha normalización da lingua galega, o colexio ten un papel importante de desenvolver, sempre dende o punto de vista de que debe ser un axente compensador de desigualdades para que os nosos alumnos acaden o mesmo nivel de competencia en ámbalas dúas linguas na Educación Primaria. Este equilibrio quedará reflectido no Proxecto Lingüístico do Centro.

5.1 Os proxenitores:

Galegos na case totalidade, un grupo moi reducido do resto de España e os casos de pais e alumnado estranxeiro se reducen a casos moi ocasionais. Maioritariamente cunha idade media, un terzo corresponde practicamente aos máis novos e son illados os casos de pais ou nais de alumnado maiores.

Tamén maioritariamente responden ao modelo social aínda que cada vez máis observase unha tendencia á ruptura da estrutura familiar (10%) e na case totalidade dos casos a patria potestade pasa a ser exclusividade da nai. Cabería ter en conta a situación desta minoría xa importante que adoitan necesitar actuacións específicas que se derivan da ruptura dese modelo social

Maioritariamente teñen un nivel de estudos medio-alto e en máis dun cuarto acadan estudos universitarios. En todo caso non se aprecian casos graves que poidan supoñer falta de estudos primarios ou, o que sería peor, analfabetismo.



Respecto á situación profesional dos pais só en casos puntuais non teñen traballo remunerado e respecto ás nais teñen traballo remunerado en máis dun 60%, cifras que poden fluctuar dependendo da temporalidade, menor nos pais que nas nais. Na maioría dos casos traballan na cidade ou arredores, sendo unha minoría os que traballan fóra da cidade e non se aprecian problemas de emigración ou exceso de casos que orixinen importantes períodos de ausencia dos proxenitores.

Respecto a vivenda as tres cuartas partes do total teñen vivenda propia, o outro cuarto se reparten entre aluguer e vivenda familiares.

Segundo estes datos pódese establecer que o noso alumnado forma un grupo bastante homoxéneo, pertence a familias de clase acomodada onde na maioría dos casos traballan os dous proxenitores. Os casos de familias con problemas económicos graves son puntuais e o Centro pode ser coñecedor sen dificultade cando esa situación incide no proceso educativo e actuar segundo o recollido nos diferentes plans.


5.2 Alumnado:

5.2.1 Procedencia:

Ao igual que os proxenitores a práctica totalidade (94%) do noso alumnado é galego nado en Galicia, deles case o 100% procede do entorno do centro. Un pequeno número proceden do resto da península (4,5%) e ocasionalmente incorpóranse alumnado procedente do estranxeiro (1,5%)

5.2.2 Proporción:

A proporción entre nenos e nenas desequilíbrase sempre en favor de maioría de rapaces, isto débese en grande medida a existencia dun colexio de monxas na mesma zona educativa que o noso centro. Dado as características innatas, sempre máis inquedas, dos rapaces fronte as rapazas fai que as relacións do noso alumnado sexan un pouco máis axitadas que o que sería normal polo que haberá que poñer un interés especial en tema de coeducación e valores de relacións como a tolerancia e o respecto aos demais e ás propias normas.



5.2.3 Lingua vehicular:

Debido a que a enquisa verte uns resultados inapelables, tanto o noso alumnado como as súas as familias son maioritariamente castelán falantes; nun 85% entre os membros da familia, baixando lixeiramente noutros ámbitos. Como o noso entorno está inmerso (segundo o mapa lingüístico de Galicia) nunha zona castelán falante, considérase o castelán como a súa lingua materna e nesa lingua son escolarizados na educación infantil.


Para o noso alumnado e imprescindible o articular medidas compensadoras desa desigualdade para achegar a acadar, segundo a lexislación vixente, o mesmo nivel de competencias en ámbalas dúas linguas. Todo o eferente á lingua de escolarización , integración e as medidas a adoitar quedarán reflectidos proxecto lingüístico

5.2.4 Rendemento escolar :

A comprobada relación entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias; onde dous terzos teñen o graduado e case a metade teñen bacharelato ou estudos superiores ratifícanse nos resultados escolares obtidos nos últimos anos, cun rendemento escolar satisfactorio.

Do mesmo xeito, o alumnado con dificultades de aprendizaxe adoita, non exclusivamente, estar relacionado cunha clase social baixa ou con problemas de estabilidade que supoñen carencias materiais, de hábitos, afectivas e de estímulos ambientais para os nenos e nenas.

Para este alumnado deberanse adoitar as medidas necesarias compensatorias desa desigualdade, mediante a participación do profesorado especialista e os itinerarios acordados no equipo de orientación, que reflicten nos planos de orientación escolar.



5.2.5 Absentismo escolar:

Non existen casos graves, os casos illados débense fundamentalmente a enfermidades. Para estes casos illados onde non haxa resposta positiva logo de convocar ás familias comezarase un protocolo cos servizos sociais.

Respecto das impuntualidades reiteradas, en especial na etapa de Educación infantil, cando concorran circunstancias excepcionais deberanse tomar medidas excepcionais para tratar de regularizar e normalizar a situación, reflectidas no RRI. Igualmente se articulará o procedemento a seguir á hora de recoller a este alumnado cando remata a xornada.

Para o caso da reiteración destas faltas haberá que aplicar as medidas que se establecen no regulamento de réxime interno. Igualmente se tratarán as faltas de puntualidade á hora de recoller ao alumnado cando remata a xornada.

5.2.5 Tempo de Lecer:

Debido a que algo máis da metade do alumnado declara dedicar un tempo bastante importante a ver a televisión e aos videoxogos, tentarase regular nos períodos destinados ao de lecer para que o dediquen a outras actividades relacionadas co movemento, máis propias da súa idade, limitando o uso desas tecnoloxías (videoxogos, móbiles, etc.)

5.2.6 Características xerais do noso alumnado:

Do estudo da enquisa ademais e das observacións feitas polo profesorado despréndese que:

- No tempo de lecer os seus intereses repártense entre a actividade do deporte e o xogo compartido, e a pasividade da televisión e os videoxogos, nalgúns casos, sen control horario nin programación.
- A influencia da publicidade na televisión é grande como tamén o son os efectos.



- Valoran a amizade, as relacións afectivas, a xustiza e a consecución de bos resultados escolares pero cústalles ceder en favor da mellora deses valores.
- Dunha maneira minoritaria obsérvanse algúns estereotipos sexistas e un vocabulario inadecuado.
- En bastantes casos manifestan que a súa familia, principalmente por exceso de traballo, dedica pouco tempo á comunicación.
- O hábito da lectura no tempo de lecer é paralelo ás iniciativas que se tomen dende o centro, carné do lector, dinamización...
- O sentimento de pertenza á comunidade vese amortiguado polo afán de protagonismo, que por outra parte nalgunhas idades e propia da consolidación do ego, pero logo da educación recibida non debería manifestarse tan desproporcionada.
- Aproximadamente un 10% presenta limitacións nas súas capacidade de aprendizaxe, máis ou menos graves, o que está dentro dos datos recollidos noutros colexios e noutras circunscricións.

6. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO:

6.1 Confesionalidade:

Como Centro de titularidade pública, CEIP de Ponzos maniféstase aconfesional e respectuoso con tódalas crenzas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política. Ningún membro da Comunidade Educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas o adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía agás aquelas lexítimas e legalmente regulamentadas.

En todo caso garantirase o dereito dos pais a que, segundo as súas conviccións, reciban ou non ensinanza relixiosa.



6.2 Lingua de aprendizaxe:

Tódolos procedementos aplicar, no que á lingua de aprendizaxe se refire, están recollidos no Proxecto lingüístico do centro. Non obstante e tomando como referencia a enquisa realizada e o mapa lingüístico de Galicia salientamos:

- Atendendo ás características do noso alumnado expostas anteriormente o uso do galego na Educación Infantil farase de xeito progresivo.
- Instituír o galego, como lingua normal para tódalas actividades que así están regulamentadas ademais aquelas que voluntariamente os mestres acorden no plan de normalización Lingüística e que se farán constar no PXA, agás Lingua e Literatura Castelá que será de obrigado cumprimento o emprego do castelán.
- Atendendo á normativa vixente todo o referente a xestión administrativa e académica: Programacións, escritos, circulares, comunicados e todo tipo de carteis internos como externos faranse na lingua galega e segundo o establecido no Plan Lingüístico do Centro (*galego normativo*).
- No caso de que alguén non sexa castelanfalante, deberanse articular as medidas necesarias recollidas no plan de integración.
- Aqueles textos e demais materiais impresos que vaian a utilizarse no Centro e que non abrangue a lexislación ou regulamentación vixente, coidarase que estean preferentemente en galego agás aqueles onde as esixencias metodolóxicas recomenden outro idioma ou que non existan en galego.
- Procurarase acadar canto mais material informático, videográfico e multimedia en galego cara ao emprego das TIC's e tentarase compensar o desequilibrio do mercado en canto a estes recursos respecto doutras linguas.
- A materia “Lingua Estranxeira” ofertada polo centro é actualmente a lingua Inglesa que será a lingua vehicular no aprendizaxe desa materia. No caso de que no futuro se fixera factible ofertar a lingua francesa como materia de lingua estranxeira empregaríase esa lingua como vehicular nesa materia. En ámbolos dous casos poderase empregar galego ou castelán indistintamente como lingua auxiliar segundo a elección do mestre especialista e que puntualmente quedará reflectido no Plan xeral Anual onde corresponda.



- Todo o anterior aplicarase sen detrimento de ningunha lingua e buscando sempre o a consecución duns niveis de competencias iguais ao final de cada ciclo e segundo a lexislación vixente.
- Todo o referente á lingua de aprendizaxe reflectido no Proxecto Lingüístico do centro

6.3 Liña metodolóxica:

Tentarase sempre desenvolver unha metodoloxía activa, na que o alumnado aprenda actuando, observando, participando, facendo, ...

Procurarase fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes coas que acadar as competencias básicas e segundo o grao de madurez.

6.4 Materias que se imparten:


As establecidas no Lei de Educación “LOE”

6.5 Valores democráticos:

Preténdese transmitir ó alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (respecto ós demais e a un mesmo, sentido da liberdade ligado ó da responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a defensa da paz, o gusto polo traballo ben feito,...) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral.

6.6 Coeducación:

A eliminación de actitudes de discriminación contra a muller, a superación de mitos, tabús, a diferenciación de roles entre a muller e o home será un dos obxectivos primordiais así como a práctica dun tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc.



6.7 Xestión institucional:

A idea dun centro democrático supón a necesidade dunha participación real e efectiva de tódolos membros da comunidade educativa por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.

Para fomentar a responsabilidade estableceranse quendas de alumnado encargado que desenvolverá as funcións que lle competan. Este proceso estará desenvolvido no regulamento de réxime interno e as funcións estarán recollidas no plan de convivencia escolar.

6.8 Aspectos curriculares:

Na etapa de **Educación Infantil** temos tres áreas diferenciadas: Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal, coñecemento do contorno, e área de comunicación e representación. Aínda que son diferentes, deben traballarse conxuntamente.


No noso centro nesta etapa trabállase por proxectos, partindo da necesidade de adecuar o ensino ás necesidades e intereses do alumnado e ás necesidades educativas presentes. Esta estratexia de organización está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relacións entre os contidos e no enfoque globalizado ou interdisciplinario.

A avaliación será continua, global e formativa, e será realizada cos seguintes procedementos: observacións directas e indirectas, análise dos traballos e producións dos nenos e entrevistas coas familias. Empregaremos instrumentos como o diario-clase, murais, mapas conceptuais e recursos audiovisuais.

Os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web. De todos modos, á hora de flexibilizar para permanecer un ano máis na etapa de infantil é necesaria a conformidade da familia e informes psicopedagóxicos que o aconsellen do departamento de orientación.

Na etapa de **Educación Primaria** a avaliación será continua, global e formativa.

Temos que diferenciar como se traballará nas diferentes áreas:



- ÁREA DE LINGUA GALEGA:

Á hora de traballar nesta área, debemos ter en conta que a lingua de uso predominante por parte das familias e do alumnado é o castelán. Por iso, será necesario tentar prestarlle máis atención á expresión oral para que o alumnado se familiarice máis con ela (sen deixar de lado aspectos gramaticais ou ortográficos, por exemplo). Será de suma importancia tentar que o alumnado adquiera vocabulario e mellore a súa expresión e comprensión do idioma.

Este proceso é gradual ao longo de toda a etapa de educación primaria, aumentando o coñecemento segundo avanza os cursos.

Para mellorar estas competencias lingüísticas serán de utilidade as actividades propostas polo equipo de dinamización da lingua galega e da biblioteca, coa que se buscará fomentar o hábito lector (aproveitando a Hora de Ler).

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 50 % produción do discente, 20% capacidades e aptitudes observables, 30 % probas escritas.

- 3º EP: 50 % probas escritas, 30 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 20 % actitude.

- 4º EP: 70 % probas escritas, 20 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 10 % actitude.

- 5º e 6º EP: 50 % probas escritas, 20 % traballo na aula, 20 % actitude, 10 % traballos na casa.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE LINGUA CASTELÁ:

É a lingua usada habitualmente pola práctica totalidade do alumnado, polo que non haberá que incidir tanto na expresión oral como coa lingua galega, xa que a empregan na súa vida cotiá. Tentarase fomentar o hábito lector mediante experiencias prazenteiras coa lectura.



Segundo se vai avanzando nos cursos, perseguirase conseguir un maior grao de perfeccionamento na lectoescritura, na expresión e na comprensión oral e escrita, na gramática e ortografía, e en tódolos aspectos que abrangan a materia.

Un tempo importante para traballar a lectura tanto a nivel individual como colectivo é a Hora de Ler.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 50 % produción do discente, 20% capacidades e aptitudes observables, 30 % probas escritas.
- 3º EP: 50 % probas escritas, 30 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 20 % actitude.
- 4º EP: 70 % probas escritas, 20 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 10 % actitude.
- 5º e 6º EP: 50 % probas escritas, 20 % traballo na aula, 20 % actitude, 10 % traballos na casa.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE MATEMÁTICAS:

É importante destacar a transición entre infantil e primaria (que é importante en tódalas áreas, pero máis nesta, xa que en infantil se traballa con método ABN). Polo que haberá que telo en conta, sobretodo nos primeiros cursos.

A metodoloxía basearase en estratexias de cálculo mental, numeración, operacións e resolucións de problemas para adquirir as aprendizaxes e capacidades básicas, que poidan ser empregadas na vida cotiá, buscando unha aprendizaxe útil e contextualizada.

Para a resolución dos problemas propostos cobra especial importancia a comprensión lectora, polo que a relación coas áreas das linguas é evidente.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...



As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 50 % produción do discente, 20% capacidades e aptitudes observables, 30 % probas escritas.
- 3º EP: 50 % probas escritas, 30 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 20 % actitude.
- 4º EP: 70 % probas escritas, 20 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 10 % actitude.
- 5º e 6º EP: 50 % probas escritas, 20 % traballo na aula, 20 % actitude, 10 % traballos na casa.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS:

Ao tratar contidos desta área tentaremos buscar a curiosidade e motivación no alumnado, preguntando para ver que é o que saben sobre os temas que imos tratar, por exemplo.

Serán habituais as actividades de investigación, realización de experimentos e búsqueda de información por parte do alumnado, coas que tentaremos formar a individuos responsables, críticos e reflexivos.

Nesta área trabállanse moitos contidos curriculares (medioambientais, de saúde...) que se tocan a través de actividades como as merendas saudables, proxectos como Voz Natura, etc...


Sempre é positivo aplicar todos os coñecementos adquiridos na vida cotiá, e complementar a información recibida coa realidade na que vivimos.

Será tamén bastante frecuente a realización de traballos en grupo, que serán expostos a compañeiros de clase ou doutros grupos.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 50 % produción do discente, 20% capacidades e aptitudes observables, 30 % probas escritas.
- 3º EP: 50 % probas escritas, 30 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 20 % actitude.



- 4º EP: 70 % probas escritas, 20 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 10 % actitude.

- 5º e 6º EP: 50 % probas escritas, 20 % traballo na aula, 20 % actitude, 10 % traballos na casa.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS:

Buscarase a adquisición de estratexias de traballo individual, pero tamén con respecto polos compañeiros, o material, e polas normas de convivencia.

Buscaremos activar ao alumnado mediante os seus coñecementos previos, e a curiosidade e motivación polo tema traballado. Será de grande importancia aproveitar os recursos que nos brinda a contorna, sendo habitual a realización de saídas para ver “in situ” aspectos traballados na aula.

Ao igual que na área de ciencias naturais, será tamén bastante frecuente a realización de traballos en grupo, que serán expostos a compañeiros de clase ou doutros grupos.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 50 % produción do discente, 20% capacidades e aptitudes observables, 30 % probas escritas.

- 3º EP: 50 % probas escritas, 30 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 20 % actitude.

- 4º EP: 70 % probas escritas, 20 % traballos, fichas, probas orais e cadernos, 10 % actitude.

- 5º e 6º EP: 50 % probas escritas, 20 % traballo na aula, 20 % actitude, 10 % traballos na casa.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS:



A metodoloxía será participativa, creativa, lúdica, interactiva e dinámica, porque estimulará o desenvolvemento integral do alumnado mediante o uso do diálogo.

Con isto, desenvolveremos a capacidade de pensamento individual e colectivo, considerando sempre aspectos emocionais e sociais.

O diálogo é unha ferramenta fundamental para contribuír á cohesión do grupo, ao respecto polas normas comunicativas, ao incremento da autoestima, á autorregulación das emocións e á resolución dialogada de conflitos.

A avaliación basearase no recollido nas programacións presentes na páxina web.

- ÁREA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA:

En 1º e 2º de primaria contamos con dúas seccións bilingües, polo que dita materia é impartida en inglés polo mestre especialista.

Nestes primeiros cursos trátase de presentar a materia dun xeito o máis lúdico posible, mediante o emprego da lingua estranxeira.

No resto de cursos xa se terá máis en conta criterios técnicos, de orde, limpeza, creatividade...

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Fichas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 20 % actitude e 80 % fichas e traballos propostos.
- 3º e 4º EP: 20 % actitude e 80 % fichas e traballos propostos.
- 5º e 6º EP: 50 % probas escritas, 20 % traballo na aula, 20 % actitude, 10 % traballos na casa.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL:

A asignatura de Música en Educación Infantil tenta espertar o interese dos nenos pola materia. Todo isto mediante a realización de cancións, bailes, a experimentación cos instrumentos musicais da aula, a visualización de contos musicais, etc...



É moi interesante que aprendan a escoitar, a respectar aos compañeiros, a realizar actividades en grupo, etc...

A asignatura de Música na Educación Primaria busca conseguir que o alumnado acade unha serie de coñecementos que lle permitan expresarse musicalmente dun xeito autónomo.

Nos dous primeiros cursos (1º e 2º) tentaremos ir coñecendo o referente á grafía musical e aos coñecementos teóricos necesarios para poder realizar producións musicais. Todo isto sen olvidar a interpretación instrumental (co instrumental Orff presente na aula, mediante o propio corpo...), a realización de bailes ou coreografías, a interpretación vocal, etc...

A partir de 3º, centrámonos máis especificamente na práctica instrumental coa frauta e os instrumentos da aula, sen esquecer os coñecementos teóricos adquiridos en cursos anteriores, que nos serán de axuda para levar a cabo unhas boas producións musicais. A cantidade de coñecementos vai incrementándose segundo avanzamos cursos, pero sempre é necesario ir afianzando e practicando o xa coñecido.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, gravacións audiovisuais, fichas, observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas en primaria serán as seguintes:

- Probas escritas e gravacións: 50 %.
- Observación diaria e traballo na aula (fichas): 25 %.
- Comportamento, actitude e interese: 25 %.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA:

As clases de Educación Física ou psicomotricidade en Educación Infantil forman parte da área de Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal e tentan ser unha toma de contacto do alumnado coas actividades propias da materia: dende os 3 aos 5 anos fan actividades e xogos cada vez máis organizadas onde melloran a súa coordinación xeral a través de todo tipo de desprazamentos, o seu equilibrio dinámico, a expresión corporal e os xogos, principalmente.

É especialmente importante a participación e o cumprimento das normas das actividades. Fanse de cando en vez probas sinxelas individuais



como circuitos ou retos, que serven para comprobar o nivel de cada alumno e avaliar as posibles dificultades motrices.

A asignatura de Educación Física en Educación Primaria busca que o alumnado acade unha "competencia motriz" que lle posibilite adoptar de cara ao seu día a día, presente e futuro, uns bos hábitos de vida saudable e exercicio físico, tanto de xeito individual como colectivo.

Nos primeiros cursos (1º e 2º) traballaremos especialmente as habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros), o esquema corporal (lateralidade, o corpo propio, postura corporal, equilibrio...), a expresión corporal (bailes, representación de sentimentos, coreografías...), os xogos (empezando polos máis sinxelos) e a saúde.

A partir de 3º, profundízase en todos os aspectos traballados nos cursos anteriores. Realízanse actividades e xogos cada vez máis complexos técnica e tácticamente. Trabállanse habilidades motrices específicas e con obxectos, e xa en 5º e 6º actividades predeportivas variadas.

Dado o obxectivo principal de adquisición duns hábitos e autonomía relacionados coa actividade física, prestarase especial atención á participación diaria en cantidade e calidade nas actividades propostas. A medida que avanza na etapa, completárase a observación diaria con probas prácticas e teóricas (5º e 6º) específicas.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Observación diaria, probas de execución práctica, probas de coñecementos teóricos...


As porcentaxes para calcular as notas en primaria serán as seguintes:

- Probas específicas de avaliación (30%).
- Observación diaria do nivel de competencia motriz (30%).
- Comportamento, esforzo, actitude, participación (40%).

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA:

É a primeira lingua estranxeira que aprende o alumnado e polo tanto se espera que o alumnado mellore a súa competencia lingüística



progresivamente e mostre interese por coñecer aspectos culturais asociados coa mesma.

Segundo se vai avanzando nos cursos, perseguirase conseguir un maior grao de perfeccionamento na lectoescritura, na expresión e na comprensión oral e escrita, na gramática e ortografía, e en tódolos aspectos que abrangan a materia. Centrándonos principalmente na lingua oral para logo ir dando paso á escrita.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán: Probas escritas, rúbricas, cadernos, a observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas serán as seguintes:

- 1º e 2º EP: 60 % acadar os obxectivos das UD's nas 4 destrezas lingüísticas (máis peso a parte oral que a escrita), 20% capacidades e aptitudes observables e 20 % traballo diario.

- 3º e 4º EP: 60 % acadar os obxectivos das UD's nas 4 destrezas lingüísticas (a parte escrita ten máis importancia que nos cursos iniciais), 20% capacidades e aptitudes observables e 20 % traballo diario.

- 5º e 6º EP: 60 % acadar os obxectivos das UD's nas 4 destrezas lingüísticas, 20% capacidades e aptitudes observables e 20 % traballo diario.

Tanto os criterios de avaliación e mínimos esixibles para promocionar aparecen reflexados na programación que está na páxina web.

- ÁREA DE RELIXIÓN:

A asignatura de Relixión Católica pretende contribuír á formación integral dos nenos e nenas. Procurase axudarlles a interiorizar o mundo que os rodea, as súas experiencias, integrándoos no proceso global do coñecemento da realidade.

Así mesmo, a asignatura busca espertar no alumnado determinadas actitudes cristiás; desexo de medrar, valoración das súas capacidades, interese por descubrir o mundo, respecto polos demais, desexo por desfrutar cos outros/as, etc.

Todo isto mediante unha metodoloxía activa e lúdica para fomentar a participación e o interese do alumnado.

En Educación Infantil, a través da lectura de diferentes contos búscase transmitirllles ós alumnos e alumnas valores e consideracións éticas propias da súa idade. Igualmente con cancións e xogos e con diferentes vídeos



infantís inténtase potenciar valores positivos tales como o compañeirismo, a amizade, o respecto, etc.

Na etapa de Educación Primaria ademais do emprego de contos, cancións e películas sobre temática cristiá, o alumnado traballara con fichas adaptadas ás diversas idades, tanto en papel como en formato dixital.

Os procedementos e instrumentos para avaliar serán as seguintes: fichas, rúbricas, presentación de traballos, exposición oral, observación diaria...

As porcentaxes para calcular as notas en Educación Primaria serán as seguintes:

- Traballos propostos , fichas, etc: 60 %
- Actitude, interese e comportamento: 40 %

A avaliación rexerese polo exposto na programación colgada na páxina web.

PERFÍS COMPETENCIAIS:

Para levar a cabo a avaliación das competencias clave, a guía serán os perfís competenciais expostos na páxina web, no apartado de Secretaría.

NORMATIVA DE REFERENCIA:

A concreción curricular réxese polo establecido na *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

ASPECTOS ESPECÍFICOS:

Como norma xeral, non se promocionará de curso sempre e cando non se superen dúas das materias instrumentais, ou tres en total (contando tamén as non instrumentais), en 2º, 4º e 6º de EP.

Ao ser a avaliación continua, en ningún caso a puntuación na avaliación ordinaria poderá ser menor que a da terceira avaliación. Deberá ser sempre igual ou maior.



A promoción nos cursos 1º, 3º e 5º de EP será automática, polo que tomarase a decisión da promoción nos cursos 2º, 4º e 6º de EP.

En canto ás mencións honoríficas de 6º curso de educación primaria, establecerase un máximo de 5 por curso. Para optar a elas, haberá que contar cunha media superior a 9,50 puntos, e mostrar conductas exemplares tanto na convivencia coma no esforzo escolar.

No referente aos plans de reforzo, haberá que valorar o correcto desenvolvemento do alumnado na aula, e cando se detecte que o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado informarase ao departamento de orientación e ao equipo directivo e estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles.

No caso de alumnado que non promociione, ou que supere o curso con materias suspensas; o equipo docente elaborará un plan de reforzo onde faga constar as aprendizaxes non adquiridas (estándares e competencias) e as actividades a realizar para lograr alcanzalas (achégase modelo orientativo).

TRATAMENTO TRANSVERSAL DOS CONTIDOS E EDUCACIÓN EN VALORES:

Os temas transversais son todos aqueles contidos que impregnan toda a actividade educativa; é dicir, abórdanse ao longo de toda a etapa e en tódalas materias.

É loxico pensar que no mundo no que vivimos, non podemos limitarnos só aos contidos académicos, senón que se deberán incluír tamén a adquisición de habilidades, o desenvolvemento de intelixencias múltiples e a asunción de valores que permitan unha formación integral.

Dende tódalas áreas se contribuirá á educación cívica, para a paz, para a saúde, para a igualdade, á educación ambiental e para o consumo... e tamén ás competencias clave; xa que non podemos ver o centro como un ente illado do seu entorno, senón que ten que formar parte activa da sociedade na que vivimos.

MODELO PLAN DE REFORZO:

ALUMNO:



NIVEL:

MATERIAS A REFORZAR:

ESTÁNDARES NON ACADADOS / A REFORZAR:

COMPETENCIAS CLAVE NON ACADADAS / A REFORZAR:

ACTIVIDADES A REALIZAR:

7. A XORNADA LECTIVA:

A implantación da xornada escolar en sesión única de mañá permite, entre outros aspectos, mellorar o aproveitamento e rendabilización dos horarios cara á realización doutras actividades necesarias para a formación e a educación integral do alumnado. Non obstante mentres non se estableza con carácter definitivo daranse os pasos necesarios para solicitala cando sexa preciso.


7.1 Horarios

O horario xeral para os alumnado establécese de 9:00 h. a 14:00 h. de luns a venres e de setembro a xuño para Educación Infantil e Primaria .

Para os alumnos que se incorporan ao centro en 4º de educación infantil, dado as especiais características deste alumnado haberá un período de adaptación que abranguerá o establecido na lexislación vixente agás cando a incorporación de alumnado con circunstancias especiais recomende a ampliación do prazo, caso que quedará recollido no Regulamento de Réxime Interno e as adaptacións que, en función desas circunstancias, poidan facerse en cada curso escolar reflectiranse no Plan Xeral Anual.

7.2 Recepcións de alumnado

A recepción do alumnado, a entrada, a saída a subida ás aulas, e as baixadas das aulas, as quendas, a vixianza a circulación polo centro estará establecido no Regulamento de Réxime Interno.



7.3 Horario de permanencia

O Profesorado de EI e EP acude ó Centro os martes en horario de 16:00 h. A 18:00 h. como horas complementarias fixas que teñen que dedicarse á realización de reunións cos pais e dos diferentes órganos de coordinación docente.

As reunións do claustro de mestres as do consello escolar así como outras que xurdan con carácter urxente faranse segundo o recollido regulamentariamente dentro das horas complementarias non fixas. Igualmente neste horario realizaranse quendas de vixianza de luns a xoves, coincidindo co horario de actividades extraescolares e segundo o acordado no proxecto presentado para a solicitude da xornada continuada en sesión única de mañá. As actividades a realizar acordaranse no primeiro claustro e figurarán no PXA.

7.4 Liberación horaria

Segundo o recollido no acordo do 8 de xullo de 2007 de xeito provisional, na espera de que quede reflectido no regulamento de centros, os mestres liberarán 2 horas semanais no período lectivo de mañá.

Os criterios para a liberación quedan establecidos neste proxecto unha vez consensuados na CCP e aprobada no claustro de mestres. As propostas son as seguintes:

- Motivos de saúde
- Necesidades organizativas e de elaboracións de horarios
- Non coincidencia de máis de 2 mestres na mesma hora
- Unha hora coincida coa primeira ou última sesión, coas fixacións de horas necesarias por conveniencia
- Poderase solicitar a liberación de dúas horas consecutivas, sempre que o a confección do horario o permita, terá carácter preferente en casos como o relacionado en primeiro lugar.

8. PRIORIDADES E OBXECTIVOS XERAIS .

Para adecuarse á o espírito da LOE respecto aos principios de calidade e equidade, igualdade de oportunidades, formación en valores... que



favorezan a liberdade, responsabilidade, tolerancia, igualdade, respecto, xustiza, etc. establécense unha prioridades que se derivan da análise do contexto no que estamos inmersos. As conclusións obtidas do seu estudo determinan os seguintes aspectos prioritarios:

- **Formación Integral.**
- **Atención á diversidade e NEE.**
- **Elemento Compensador.**
- **Reflexo social.**
- **Entorno.**
- **Saúde.**
- **Motivación.**
- **Identificación cultural.**
- **Lecer.**
- **Recursos.**
-
- **Valores.**
- **Colaboración.**
- **Formación docente.**
- **Novas tecnoloxías.**

Os obxectivos xerais que se reflicten en atención as prioridades anteriores teñen como finalidade acadar as competencias básicas. O que é permitir a integración das aprendizaxes poñéndoas en relación cos diferentes tipos de contidos e utilizalos de xeito efectivo, dese xeito cada una de las áreas contribúe ao desenvolvemento das diferentes competencias recollidas na LOE

Para favorecer a intervención educativa co alumnado, respecto a esas competencias, establécense uns obxectivos xerais en correspondencia cos principios básicos prioritarios sinalados que van marcar a liña de actuación do centro, segundo segue:



Prioridade	OBXECTIVOS
<p>(Formación Integral)</p> <p>1- A formación integral do alumnado nas súas tres dimensións: intelectual , física e afectivo-social, que o capacite para afrontar o futuro.</p>	<p>1.1) Favorecer a creación dun clima apropiado para que todo o noso alumnado veña en boa disposición para acadar os mellores resultados.</p> <p>1.2) Establecer un réxime relación favorecedora do desenvolvemento da autoestima e recoñecemento social salientando os aspectos positivos do noso alumnado.</p> <p>1.3) Desenvolver as capacidades e estratexias básicas de aprendizaxe a través da adquisición de hábitos de traballo e técnicas intelectuais que favorezan unha actitude de busca , interrogación, interpretación e de opinión.</p> <p>1.4) Educar na liberdade e na responsabilidade dos seus actos, como proceso e resultado dunha maneira autónoma de comportarse.</p> <p>1.5) Ensinar a aplicar tódolos coñecementos adquiridos na resolución dos problemas que se lle poidan plantexar.</p> <p>1.6) Posibilitar o manexo das linguaxes fundamentais e propiciar a utilización dos recursos expresivos co obxecto de mellorar a súa capacidade comunicativa.</p> <p>1.6) Estimular o desenvolvemento o corporal a través do xogo e o deporte e orientar a ocupación do tempo de lecer de forma positiva e creativa.</p>
<p>(Atención á diversidade)</p> <p>2- Considerar a diversidade do alumnado sen diferenzas por razóns</p>	<p>2.1) Potenciar hábitos de conduta positivos, educando na tolerancia, no respecto ás opinións dos outros e á diversidade e fomentando actitudes de solidariedade e defensa da paz e a non violencia.</p> <p>2.2) Favorecer a integración e normalización do alumnado con , aprendendo a valorar as cualidades de tódalas persoas e</p>



de sexo , desigualdades sociais ou necesidades educativas especiais.	conseguir unha convivencia baseada no respecto ás diferenzas. 2.3) Buscar estratexias para dotar ó programa de integración do alumnado con NEAE dos recursos humanos e materiais necesarios.
(Elem. compensador) 3- Compensación das carencias do entorno. A nosa intervención educativa estará en función das características e a realidade do noso alumnado, buscando unha educación	3.1) Utilizar tódolos recursos materiais e persoais á nosa disposición para dar resposta ós problemas específicos do alumnado tratando de compensar, ata onde se poida, as desigualdades por razóns psíquicas, sociais ou da orixe do alumnado 3.2) Organizar contidos de aprendizaxe de xeito que todo o alumnado, na medida das súas posibilidades e limitacións, teña igualdade de oportunidades.
personalizada e compensadora das desigualdades.	3.3) Traballar de forma equilibrada os aspectos afectivos, intelectuais e motrices do alumnado, tentando que as aprendizaxes estean ligadas ós seus intereses, ao entorno e á realidade galega.

Prioridade	OBXECTIVOS
(Reflexo social) 4- Afrontar a proxección, dentro da aula e do propio Centro, da problemática social, propiciando a igualdade, a convivencia e o diálogo.	4.1) Fomentar o sentimento de aceptación dos demais tal e como son, coas súas virtudes e os seus defectos 4.2) Potenciar actividades colectivas que fomenten relacións interpersoais entre os membros da comunidade educativa 4.3) Participar activamente en tarefas grupais colaborando para acadar un obxectivo común 4.4) Planificar durante cada curso as necesidades en canto a convivencia en función do conseguido no curso anterior, que se canalizará a través do observatorio de convivencia.



<p>(Entorno)</p> <p>5. Favorecer o coidado do entorno natural comezando polo propio centro. (corredores, paredes, patio, xardíns,...) Tratando de facer un espazo educativo agradable , vivo e enriquecedor.</p>	<p>5.1) Desenvolver a conciencia e a sensibilidade polos aspectos do medio ambiente, conservándoo e mellorándoo partindo do máis próximo: o Centro, a súa casa,...</p> <p>5.2) Propiciar accións que contribúan a crear , coidar e manter o contorno natural (patio de recreo, xardíns, parque infantil,...) e material (aulas, decoración de espazos,...)</p> <p>5.3) Coñecer e valorar o contorno medioambiental, patrimonial e histórico do noso contorno.</p> <p>5.4) Participar activamente en tarefas grupais de resolución de problemas ambientais, adoptando comportamentos construtivos.</p> <p>5.5) Planificar cada curso as necesidades de infraestrutura e mantemento do Centro e abordalas coas institucións responsables.</p>
<p>(Saúde)</p> <p>6. Potenciar de estilos de vida saudables e prevención dos problemas que, arredor da saúde, rodean ó noso alumnado (tabaco, alcol, drogas, educación vial, alimentación equilibrada,...).</p>	<p>6.1) Presentar unha imaxe limpa coidada e agradable do Colexio e da nosa persoa.</p> <p>6.2) Analizar criticamente as mensaxes que os medios de comunicación nos presentan e optar polas alternativas positivas que se ofrecen dende a sociedade (deporte, lectura, teatro, cine, disfrute da natureza...) fronte ás drogas, alcol e tabaco,</p> <p>6.3) Fomentar no alumnado hábitos de seguridade, hixiene , alimentación e consumo, valorando as repercusións que determinadas condutas teñen sobre a saúde</p>

Prioridade	OBXECTIVOS
<p>(Motivación)</p> <p>7- Organizar as aprendizaxes de xeito que resulten atraentes ó alumnado e motivadoras d a asistencia escolar.</p>	<p>7.1) Organizar a secuencia de obxectivos e contidos segundo nivel madurativo, actitudes e intereses do alumnado.</p> <p>7.2) Facilitar que o alumnado constrúa as súas propias aprendizaxes e manifeste ideas propias e creativas.</p> <p>7.3) Fomentar estratexias motivadores que leven á observación e á busca de información para o seu análise e síntese; e que rematen cun aprendizaxe efectivo</p> <p>7.4) Proporcionar ó alumnado situacións de traballo variadas (dentro e fóra da aula) cara á súa implicación e responsabilidade persoal.</p> <p>7.5) Fomentar o traballo en equipo en distintas, propiciando distintas experiencias motivadoras que leven a aprendizaxes significativa</p>
<p>(Identificación cultural)</p>	<p>8.1) Fomentar actitudes persoais cara a buscar unha resposta de positiva ós problemas específicos do alumnado.</p>



<p>8.Desenvolver experiencias afectivas, sociais e cognitivas que capaciten ó alumnado para identificarse coa cultura galega.</p>	<p>8.3) Organizar actividades baseadas no noso bagaxe sociocultural co único fin de relacionarse cos demais, coa igualdade de oportunidades como elemento vehicular.</p> <p>8.4) Fomentar as aprendizaxes ligadas a intereses comúns do alumnado relacionados co entorno e a realidade galega.</p>
<p>(Lecer)</p> <p>9. Fomentar hábitos de lecto-escritura, estudio e ocupación racional do tempo de lecer</p>	<p>9.1) Desenvolver actividades de lectura en momentos libres na dentro e fóra xornada lectiva</p> <p>9.2) Fomentar a visita da biblioteca escolar dentro e fora da xornada lectiva, ampliando recursos e mellorando o seu funcionamento</p> <p>9.3) Facilitar o estudio fóra de horas lectivas mediante o seguimento das actividades realizadas</p> <p>9.4) Estimular a participación de actividades fóra do horario lectivo organizadas dende o propio centro e que se desenvolven noutro contexto.</p>
<p>(Recursos)</p> <p>10. Optimizar os recursos humanos e materiais ao alcance do Centro.</p>	<p>10.1) Dar a coñecer á Comunidade Escolar os recursos humanos e materiais de que dispón o Centro.</p> <p>10.2) Utilizar determinados espazos e recursos cun carácter multifuncional, rendabilizándoos ó máximo.</p> <p>10.3) Coordinar espazos e tempos para conseguir unha coordinación sistemática, fluída e organizada.</p> <p>10.4) Flexibilizar a distribución horaria para que se axuste ás necesidades do alumnado.</p>

Prioridade	OBXECTIVOS
	<p>(Valores)</p> <p>11.Potenciar o compromiso cos valores máis ligados á relación entre as persoas: defensa da paz, dereitos humanos, etc.</p> <p>Consolidar actitudes tolerantes, de total igualdade, sen ningún tipo de discriminación, facendo fincapé na igualdade entre sexos.</p> <p>Fortalecer o sentido crítico aplicando os valores de convivencia democrática.</p>



(Colaboración co resto da comunidade)

12. Posibilitar unha estreita colaboración coas familias, coa ANPA, cos servizos sociais do Concello na tarefa educativa, ademais doutras entidades que puntualmente se necesiten. Estas medidas tentan mellorar a relación entre os diferentes sectores da Comunidade Educativa.

12.1 Colaborar pais e nais do alumnado e mestres na atención ás necesidades do alumnado para conquistar que todo o noso alumnado veña en boa disposición para acadar os mellores resultados.

12.2 Facer as reunións necesarias para a boa marcha desas relacións na busca de solucións ós problemas plantexados no proceso de ensino - aprendizaxe e nos problemas de adaptación e socialización.

12.3 Establecer un calendario de reunións anuais con temas determinados a tratar globalmente.

12.4 Potenciar que o alumnado colabore nas tarefas da casa de maneira habitual, como maneira de favorecer a dedicación dun tempo diario suficiente para a realización de actividades escolares que deberá ser un hábito fundamental.

Todas estas medidas, e outras, quedarán desenvolvidas no Plan de acción tutorial.

12.5) Impulsar a información e comunicación entre o Equipo Directivo e a ANPA.

12.6) Delegar na participación das familias e da ANPA a realización das actividades extraescolares

12.7) Favorecer a relación con tódolos estamentos públicos cara ao establecemento de acordos e convenios na busca da consecución de melloras para o centro.

12.7) Favorecer as relacións con outros organismos cara a conquistar a participación en actividades complementarias, eventos e realización de actividades no propio centro.

(Formación docente)

13. Consolidarse nun equipo de traballo que busque a actualización e a formación permanente para enriquecer a nosa práctica educativa

13.1) Formar grupos de traballo e seminarios no Centro para fomentar o traballo en grupo do profesorado, que axuden a resolver problemas e atopar as respostas ós interrogantes cotiás.

13.2) Enriquecer a dinámica do Centro a través da formación persoal do profesorado e do establecemento de canles de comunicación co CEFORES e outros servizos educativos.

13.3) Potenciar a coordinación do profesorado para un mellor aproveitamento de tódolos recursos.

Prioridade

OBXECTIVOS



<p>(Formación docente)</p> <p>14- Dar ás novas tecnoloxías unha importancia fundamental, utilizándolas en tódolos apartados da vida do Centro</p>	<p>14.1) Favorecer a utilización das novas tecnoloxías por parte de toda a comunidade educativa.</p> <p>14.2) Potenciar no alumnado o uso dos equipos informáticos do centro, analizando criticamente as vantaxes e inconvenientes que a súa utilización pode presentar.</p> <p>14.3) Utilizar as novas tecnoloxías para dar a coñecer o noso Centro e poder intercambiar experiencias con outros centros.</p>
---	--

9 .ESTRUCTURA ORGANIZATIVA:

A organización será a vía acadar os obxectivos deste Proxecto Educativo de Centro, facilitar as tarefas e ordenar os recursos existentes. Contaremos co establecido na normativa do funcionamento de centros

9.1 ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO:

9.1.1 UNIPERSOAIS:

Os Órganos Unipersoais de Goberno constitúen o Equipo Directivo do Centro que traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións e está composto polo Director, o Xefe de estudos e o Secretario. Ó comezo de cada curso escolar elabórase un calendario para fixar os horarios das súas reunións e atender as demandas das familias, profesorado e institucións e quedará reflectido no PXA.


9.1.2 COLEXIADOS:

CONSELLO ESCOLAR: Órgano no que os distintos sectores da Comunidade Escolar, a través dos seus representantes, participan na xestión do Centro.

A súa función, composición e funcionamento están establecidas no Regulamento de centros de EI e EP

No seo do Consello Escolar existiran as seguintes comisións:

Unha Comisión Económica, integrada polo Director, un Mestre, un Pai e o Secretario.




Un Observatorio de Convivencia, integrada polo Director, o Xefe de Estudos, dous representantes de mestres e un representante de pais.

CLAUSTRO DE PROFESORES: Órgano propio de participación do profesorado no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre tódolos aspectos docentes. Está integrado pola totalidade do profesorado que presta servizo nel e será presidido polo Director. As súas competencias específicas veñen recollidas no Regulamento Orgánico de Centros. Reunirase preceptivamente en sesión ordinaria ó comezo do curso, ó seu remate, unha vez por trimestre e sempre que o convoque o Director ou o solicite, alomenos, un terzo dos seus membros e os seus acordos tomaranse por consenso ou, segundo necesidade, por maioría absoluta.

9.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:

As súas funcións, composición e funcionamento están establecidas no Regulamento Orgánico dos Centros de EI e EP.

- Equipos Docentes (ciclos)
- Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística (EDNL)
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACEE)
- Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)
- Departamento de Orientación (DO)
- Titorías.



9.3 O CADRO ORGANIZATIVO DO CENTRO

Cadro polo que se canalizará todo o funcionamento do curso escolar. Quedará reflectido no PXA e será exposto no taboleiro da sala de mestres.

Nel queradán reflectidos:

- A adscrición funcional de tódolos mestres, titorías e especialidades.
- A composición dos equipos de Coordinación docente (Ciclos, EDNL e EACEE)
- A composición dos equipos de Dinamización (Biblioteca, Tic’s, Outros...)
- Os cargos dos diferentes equipos
- O calendario do curso.
- A distribución horaria.
- A disposición do profesorado.
- As quendas de gardas e de permanencia.
- As quendas de vixianza.
- Os calendarios de reunión.
- A distribución e de espazos
- As relacións entre os diferentes equipos.

9.4 A DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

- 9.4.1 O alumnado disporase segundo as dúas etapas educativas EI e EP que conforman a oferta educativa do centro.
- 9.4.2 O alumnado de EI ocupará as aulas da planta baixa do edificio os grupos baixos de EP a primeira planta e os altos a segunda planta.
- 9.4.3 Sempre que as condicións de profesorado o permitan tratarase de facer desdobres ocasionais para favorecer o traballo con grupos reducidos segundo os criterios establecidos.



9.4.4 Os grupos poderán atendidos en diferentes espazos realizando actividades que se integran nun mesmo bloque, coa atención dun mestre en cada espazo (Proxecto lector, plan TIC's, Horto escolar...) segundo se dispoña na programación didáctica.

9.5 CRITERIOS DE AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

Tendo en conta que a elevada ratio de tódolos grupos e unha constante neste centro e necesario establecer uns criterios cara á posibilidade de realizar adaptacións no agrupamento do alumnado, sempre tendo en conta a limitación de espazo.

9.5.1 Cando o grupo supere a ratio establecida tratarase de facer desdobres ocasionais que faciliten posibilidade de traballar con grupos reducidos alomenos na metade das materias instrumentais.

9.5.2 No caso de posuír profesorado específico de apoio dedicarase maioritariamente a prestar axuda nestes grupos dando prioridade aos ciclos máis baixos.

9.5.3 Cando nun grupo coincida un número elevado de alumnado con informes de Necesidades Específicas de Atención Educativa, do orientador ou do titor, e sempre que as condicións de espazo e profesorado o permitan desdobrarase en dúas titorías.

9.5.4 Cando coincidan grupos con iguais circunstancias tratarase de atender as necesidades de ámbolos dous grupos atendendo á seguinte prioridade:

a) Primeiro ciclo EP (por afianzamento das materias instrumentais)

b) Grupo 6º EP (como curso de consolidación cara á incorporación á ESO)

c) Resto dos grupos en orde ascendente.



9.5.5 O desdobre dun grupo farase por orde alfabético.

a) Distribuíndo equitativamente, cando coincida, alumnos que permanecen un segundo ano nese nivel educativo.

b) Outras modificacións que atendan a razóns pedagóxicas, decididas polo equipo docente que correspondente.

9.6 XESTIÓN ECONÓMICA

A responsabilidade da xestión recaerá nos cargos e órganos sinalados pola regulamentación vixente.

Realizarase un orzamento anual onde se contemplarán partidas orzamentarias para a posta en marcha do curso:

- Equipos docentes
- Equipos de dinamización
- Biblioteca
- Novas tecnoloxías

Contemplanse apartados de gastos fixos con estimación extrapolada de anos anteriores

- Comunicaci3ns
- Transporte
- Subministraci3ns e Oficina
- Traballos de empresas
- Mobiliario
- Materiais inventariables
- Arrendamentos
- Outros sinalados pola administraci3n

Os Gastos por mantemento, reparaci3ns e conservaci3n realizaranse segundo o convenio asinado co Concello, dedicándose integramente a cantidade reflectida no acordo a ese cometido. En caso de necesidade, esta cantidade poder3 incrementarse a cargo dos gastos de funcionamento recibidos pola Consellería de Educaci3n.



O Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística contará con Orzamento propio segundo proxecto presentado que se desenvolverá segundo a Orde anual publicada ao efecto. No caso de considerar insuficiente poderase incrementar a cargo dos gastos de funcionamento recibidos pola Consellería de Educación

O Equipo de Orientación contarán tamén con Orzamento propio segundo contía fixada pola administración. Ao ser un departamento compartido co CEIP de Esteiro, esa cantidade será percibida polo CEIP de Ponzos por ser o centro base pero a cantidade percibira repartirase entre ámbolos dous centros

Segundo a regulamentación vixente no seno do Consello escolar crearase unha comisión económica que revisará trimestralmente o estado de contas e corraxirá os desaxustes que puideran producirse por mor de imprevistos.

10. ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS

Os medios ou recursos materiais non serán unha finalidade en si mesmos, pero si están relacionados con tódolos elementos da acción educativa e moi especialmente coa metodoloxía e os procesos de aprendizaxe, motivando, reforzando, provocando experiencias e creando actitudes no alumnado.

O uso e control destes recursos materiais así como as propostas de adquisición, e reparación dos mesmos será responsabilidade dos coordinadores dos diferentes equipos. O Secretario será o canalizador co visto e prace do Director que terá carácter decisorio.



11. AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC:

O seguimento e avaliación deste PEC realizarase anualmente a través da Memoria do curso. Nesta cada Órgano do Centro fará unha avaliación da súa acción educativa, nesas memorias faranse constar as suxestións relativas ao PEC coa intención de axeitalo e melloralo.

Cada dous anos, vistas as suxestións recollidas nas memorias, ou cando sexa necesario por mor de cambios significativos no seno da Comunidade Educativa ou na propia lexislación, a CCP abordará unha revisión deste PEC, solicitando a participación de toda a Comunidade Educativa, a través dos seus representantes no Consello Escolar onde terán que ser aprobadas as modificación ou novas incorporacións.

12. DIFUSIÓN DO PEC

Trala difusión previa do borrador aos representantes de tódolos sectores da Comunidade Escolar e unha vez aprobado polo Consello Escolar, o texto definitivo será difundido a toda a Comunidade Educativa facendo uso das novas tecnoloxías.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP "Ponzos"

R/Ponzos s/n
15404 Ferrol – A Coruña
Telf. 981370480 Fax. 981949288
ceip.ponzos@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdeponzos>

**PROXECTO
EDUCATIVO
DO CENTRO**



ESTE PROXECTO EDUCATIVO FOI APROBADO NA REUNIÓN DO
CONSELLO ESCOLAR CELEBRADA O DÍA 22 DE MARZO DE 2022